



Att. Secretaría Xeral Técnica

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Asunto:

ALEGACIÓNS ao anuncio do 28 de outubro de 2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo que se somete a información pública o Anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada.

D. Juan José Rodríguez Castro con DNI 36112742M, en representación de **ESQUERDA UNIDA** con CIF G78269206e domicilio a efectos de notificacións en RÚA DUBLÍN 8,baixo 15707 Santiago de Compostela e preferentemente por vía electrónica a traves de organizacion@esquerdaunida.org

EXPOÑO:

Que en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a expo as seguintes **ALEGACIÓNS ao Anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada:**

1. Tanto no caso a figura da **Autorización Ambiental Integrada Ordinaria**, que substitúe á Avaliación Ambiental Integrada actual, como nos casos aplicables á nova figura da **Autorización Ambiental Integrada Simplificada**, prevese suprimir a obriga de realizar unha comunicación previa ao Concello respectivo por parte dos promotores do Proxecto Industrial.

Consideramos que **a supresión de esta obriga provoca unha situación de indefensión tanto da corporación municipal como da cidadanía á que representan** fronte á instalación de novos proxectos industriais no seu ámbito territorial potencialmente lesivos para o medio ambiente, o patrimonio, a paisaxe ou os medios de subsistencia da veciñanza.

Consideramos ademais que este anteproxecto de lei pode entrar en conflito coa atribución de competencias autonómica e local.

2. Consideramos que a Disposición final terceira deste anteproxecto permite levantar a prohibición para que as liñas eléctricas de evacuación dos parques eólicos atravesen os espazos protexidos pola Rede Natura 2000.

A Disposición final terceira do anteproxecto modifica o apartado 2 do artigo 23 do anexo II do “Plan director da rede Natura 2000 de Galicia” que quedaría redactado como segue:

“O territorio delimitado polo ámbito deste plan considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novos aproveitamentos industriais de:

a) **Enerxía eólica**, con excepción dos proxectos de **repotenciación, reparación ou substitución dos parques existentes**, na forma que establece a normativa sectorial e unha vez verificada a súa compatibilidade mediante unha adecuada avaliación das súas repercusións ambientais.

b) **Enerxía hidroeléctrica**, establecidos sobre canles fluviais, **con excepción dos proxectos de modernización, modificación ou ampliación, reparación ou substitución dos aproveitamentos hidráulicos existentes**, así como tamén os que sexan necesarios para garantir a calidade do medio que os sustenta.

c) **Enerxía fotovoltaica**, con excepción dos proxectos de modificación dos existentes.

A exclusión comprende todos os elementos necesarios para a súa construción e funcionamento, incluídos os accesos, interconexións eléctricas e elementos de xeración e acumulación de enerxía, **fóra da liña eléctrica de evacuación da enerxía producida**”.

A posibilidade de que as liñas eléctricas de evacuación dos parques eólicos atravesen espazos protexidos pola Rede Natura 2000 é especialmente grave considerando que a Comisión Europea ten abertos dous procedementos de infracción sobre a Rede Natura que afectan a Galicia.

O procedemento INFR(2015)2003, aberto en 2015 e ampliado 2020, en relación ao incumprimento da Directiva sobre os hábitats (Directiva 92/43/CEE) motivado pola falta de fixación de obxectivos de conservación suficientemente detallados e de medidas de conservación cuantificadas para as zonas de especial conservación.

O procedemento INFR(2023)2037 aberto en 2023 ao considerar insuficientes os espazos protexidos en Galicia e pide a ESPAÑA que complete a súa Rede Natura 2000. A Rede Natura 2000 en Galicia, que leva anos sen ser ampliada, abarca 355.000 hectáreas, o 12% da superficie da Comunidade, lonxe da media española (27%) e unha das máis baixas da Unión Europea.

A posibilidade de novas agresións serían especialmente graves tendo en conta que, debido á ausencia de obxectivos de conservación e medidas de conservación suficientes, os incendios deste verán arrasaron o 11% da superficie protexida pola Rede Natura 2000 **segundo o sistema Copernicus-EFFIS (European Forest Fires Information System)**.

3. O anteproxecto insiste en regular as entidades privadas de colaboración ambiental **despois de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nunha sentenza feita pública o 12 de marzo 2025, anulase parte do DECRETO 102/2023 mediante o que se pretendía regular estas entidades ao considerar que supuña "unha verdadeira privatización da tramitación da avaliación ambiental"**.

O TSXG xustificaba a súa decisión ao considerar que estas entidades "non colaboran coa administración, senón que suplantán á administración”.

O anteproxecto pretende elevar a rango de lei as funcións das entidades de colaboración ambiental que participarán na tramitación, seguimento e inspección dos procedementos de autorización ambiental.

Asúmese que “as entidades de colaboración ambiental poderán emitir certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser asumidos pola administración pública competente”. Aínda que “A actuación destas entidades non poderá substituír as potestades públicas de autorización, avaliación, inspección e sanción.”

Consideramos que a Xunta de Galicia debería contar con medios suficientes para realizar as funcións de tramitación, seguimento e inspección dos procedementos de tramitación ambiental.

Consideramos que a participación de entidades privadas na tramitación, seguimento e inspección dos procedementos de tramitación ambiental pode dar lugar a efectos perniciosos e que, en todo caso, debería regularse mellor os posibles conflitos de intereses, incumprimentos e sancións.

4. O anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada está claramente orientado a satisfacer as demandas dos grandes promotores de proxectos enerxéticos e industriais.

A intención declarada é levar a cabo unha simplificación do ordenamento xurídico ambiental de Galicia que permita minimizar os conflitos xudiciais que paralizan estes proxectos e alongan os prazos de implementación.

O anteproxecto inclúe, ademais, regras especiais para a avaliación de impacto ambiental de proxectos enerxéticos, especialmente eólicos, medidas para acelerar o proceso de concesión de autorizacións para proxectos de enerxía eólica en zonas declaradas de aceleración renovable eólica, a pesar de que Galicia carece dun Plan Sectorial Eólico, e medidas para a aceleración de proxectos de renovación tecnolóxica.

O anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada está claramente orientado a facilitar a implantación dos grandes promotores de proxectos enerxéticos e industriais.

O obxectivo perseguido polo anteproxecto, a descarbonización da economía e a neutralidade climática, sería máis sinxelo de acadar si se regulase e promove o establecemento de Comunidades enerxéticas.

De acordo coa normativa europea (Directiva UE 2018/2001 e Directiva UE 2019/944) , as comunidades enerxéticas son unha forma xurídica que permite a persoas, empresas e/ou autoridades locais unirse para xerar, consumir, almacenar, compartir e vender enerxía renovable de forma colectiva e colaborativa.

A fórmula das comunidades enerxéticas permite obter beneficios ambientais, económicos e sociais para os seus membros e para o conxunto da comunidade local. En lugar de priorizar a rendibilidade financeira, priorízase a satisfacción das necesidades enerxéticas da comunidade.

En conformidade co expresado ata o momento

SOLICITAMOS:

A retirada do *Anteproxecto de Lei de Administración Ambiental Simplificada* tendo en conta as consideracións expresadas e se reformule considerando a importancia da:

- Participación cidadá nas decisións sobre proxectos con posibles afectacións ao medio ambiente, o patrimonio, a paisaxe ou os recursos necesarios para a subsistencia no seu territorio.
- A importancia de protexer e ampliar a Rede Natura 2000.
- A responsabilidade da Xunta de Galicia nos procedementos de tramitación ambiental.

- Priorizar os intereses colectivos por riba dos intereses privados na implantación de proxectos enerxéticos e industriais no noso territorio.

Asinado

En **Compostela** a **30** de novembro de 2025